

O PAXARIÑO DO RÍO DOS GAFOS

Era por setembro cando madurecen as uvas e adquiren a cor do marmelo maduro, paseando a carón do río cando escomenzan a caer paseniñamente as primeiras follas das árbores no alborear do outono nunha alfombra vexetal dunha policromía de cores amarelos verdes e ocres.

De súpeto dunha morea de follas arremoiñadas polo vento vin coma se algo se movese separei as follas e alí estaba un paxariño que seguramente caera dalgunha árbore que se atopaba ó seu carón, era moi pequeno, pero no peito distinguíase unha pequena mancha amarela por iso a min pareceume un xilgaro que caera do niño e inda non voaba.

Separeino das follas acariñeino e sentín que inda tiña vida. Con moita mornura fixen un pequeno niño e púxeno enriba dun banco de madeira para que ninguén o pisara e os pais se decatasen e o recolleran, fuxín do lugar todo contento cun sorriso nos beizos por ter salvado a vida dun pequeno xilgaro.

Seguín co meu paseo cando vin de volta ao pasar a carón do banco estaba o paxariño eo niño que eu fixera con tanto agarimo destrozados pequenos restos espallados no camiño un animal seguramente un can acabou ca efimera vida do pobre xilgaro sen chegar a coñecer a primavera cando florecen os narcisos e lirios e arrecende o loureiro eo mentrasto e alegrar cos rechouchios dende a ponla dun ameneiro os paseos das xentes nas beiras do río.

Fuxín do lugar sentíndome culpabel da morte do paxariño despois de soterralo a carón do río entre as herbas e flores ventureiras a carón do fento que serve de haomenaxe as mulleres que ian lavar naquel recuncho, bagoas de tristura e pena resbalan polas miñas meixelas pensando que se os paxariños teñan ceo o xilgaro este nel perdoandome, fuxín do río con tristura ollando cara a un ceo no que xa tampouco voan os estorniños que cos seus vos acrovaticos alegraban nosa infancia sempre lembro que nosa nosa nai decía que cando voaban xuntos era que os paxariños ian de voda.

Antón Roel